

## PROCEDIMENTO PARA A XESTIÓN DE ESPAZOS E EQUIPAMENTO COMÚN NA ESTACIÓN DE CIENCIAS MARIÑAS DE TORALLA

### LIMIAR

A Universidade de Vigo, ao abeiro do Artigo 136 dos seus Estatutos, e co fin de acadar as máximas cotas de calidade investigadora e adicar especial atención ao estudo da cultura e o medio natural de Galicia promovendo a investigación como medio para o desenvolvemento científico e cultural da sociedade, dotouse dunha normativa de Centros de Apoio á Investigación (CAI). Esta Universidade, implantada nunha rexión europea de alta dependencia do mar (a pesca e actividades derivadas xeran arredor do 10% do PIB de Galicia), alberga unha das escasas titulacións de Ciencias do Mar existentes na Península, o único Centro Singular de Investigación de Galicia adicado ao estudo do mar e posúe a mención de Campus de Excelencia Internacional grazas á súa actividade investigadora no eido mariño. O Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (Océano-ECIMAT) dispón na Illa de Toralla (Coruxo, Concello de Vigo) da Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT), unha infraestrutura de vangarda para a investigación mariña creada en 2005 coa axuda de fondos FEDER e constituída como Centro de Apoio á Investigación (CAI) da Universidade de Vigo. O Océano-ECIMAT acolle unha masa crítica de grupos de investigación en temas mariños altamente competitivos, de gran proxección, e cunha alta capacidade de captación de recursos externos, formados nos máis destacados centros estatais e internacionais adicados investigación mariña.

Neste contexto o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo (Océano-ECIMAT) constitúese co obxectivo de converterse nun polo interdisciplinar de referencia aos niveis local, estatal e internacional no ámbito da xeración e transmisión do coñecemento do mar e no núcleo central do Campus do Mar. Entre os obxectivos específicos do Centro atópase o de promover a excelencia técnico/investigadora, fomentar a internacionalización, e favorecer a transferencia do coñecemento xerado na Universidade á sociedade. A xestión centralizada das infraestruturas de vangarda a pe de mar das que dispón o Centro de Investigación Mariña na ECIMAT contribúe a optimizar o investimento realizado e fomenta a colaboración entre o persoal investigador do Centro de Investigación Mariña e outros investigadores e investigadoras desta e outras universidades e centros de investigación públicos ou privados interesados na investigación mariña.

O Campus de Especialización Mariña da Universidade de Vigo fai público o presente procedemento para a xestión dos espazos e equipamentos de investigación dos que dispón o Centro de Investigación Mariña na Estación de Ciencias Mariñas de Toralla (ECIMAT).

## XESTIÓN DA ECIMAT

Co obxectivo de optimizar o aproveitamento do investimento levado a cabo, Océano-ECIMAT contempla un modelo de xestión centralizada das súas infraestruturas científicas a pé de mar na ECIMAT, mediante o cal, pon a disposición do persoal investigador laboratorios de investigación mariña, espazos auxiliares, equipamentos científicos e apoio técnico á investigación mariña. O presente documento regula o proceso de solicitude, concesión e utilización de equipamentos científicos, laboratorios de investigación mariña e espazos auxiliares de uso común na ECIMAT.

De xeito xeral as seguintes normas aplican a prestación de calquera servizo na ECIMAT:

Queda especificamente excluída da ECIMAT calquera actividade que poida conlevar un dano ao medio, comprometéndose as persoas usuarias ao cumprimento estrito da lexislación vixente. No caso de emprego de sustancias tóxicas, é indispensable tomar as medidas pertinentes para evitar calquera contaminación ou a súa liberación ao medio, e comunicar as cantidades e características co obxecto dunha axeitada recollida de residuos tóxicos e perigosos. A ECIMAT dispón de espazos especialmente adaptados para o traballo con organismos alóctonos, organismos modificados xenéticamente e organismos patóxenos estando estritamente prohibido o traballo con ese tipo de organismos fora deses espazos.

O material funxible necesario para o traballo de investigación na ECIMAT debe ser aportado na súa totalidade polo persoal investigador, incluíndo aquel material necesario para o funcionamento dos equipos de uso compartido.

A utilización de espazos e equipos de uso común na ECIMAT leva aparelladas unhas tarifas aprobadas polo consello de goberno da Universidade de Vigo e que se poden consultar na páxina web <http://ecimat.uvigo.es>

A Dirección da ECIMAT informará ao persoal investigador usuario da estrutura, funcionamento e regulamento do centro, especificando o persoal técnico responsable de cada área. Así mesmo, informarase aos usuarios e usuarias que empreguen organismos mariños vivos da lexislación existente respecto á manipulación e transporte dos mesmos, e será necesario o compromiso escrito de cumprir dita lexislación. Para elo os responsables de cada un dos grupos usuarios deberán informar na solicitude de espazos do persoal do seu grupo que debe ser incluído nas listaxes de correo para recibir as comunicacións emitidas pola ECIMAT.

## ESPAZOS DE USO COMÚN NA ECIMAT

Os espazos de uso común na ECIMAT están catalogados en tres categorías: espazos susceptibles de cesión, espazos compartidos e zonas de acceso restrinxido accesibles só ao persoal técnico do Centro.

Os espazos susceptibles de cesión son tipicamente laboratorios a pé de mar con subministro continuo de auga mariña e outros espazos para investigación mariña dispoñibles para ser utilizados total ou parcialmente polo equipo investigador solicitante por períodos variables de tempo para que leve a cabo os seus traballos de investigación. Eventualmente estes espazos poden ser utilizados polo propio persoal técnico da ECIMAT.

Os espazos compartidos son espazos utilizados polo persoal investigador pero xestionados en todo momento polo persoal técnico da ECIMAT. Trátase tipicamente de laboratorios que albergan equipamento de uso compartido, infraestruturas comúns de investigación (pantalán, pañol de mergullo) ou espazos auxiliares de uso por todos os usuarios do centro como o salón de actos, a sala de coworking ou a cantina. Algúns destes espazos son habitualmente utilizados polo propio persoal Técnico da ECIMAT.

Os espazos de uso exclusivo polo Persoal Técnico da ECIMAT son aqueles destinados ao desenvolvemento de traballos técnicos e/ou administrativos necesarios para o correcto funcionamento das infraestruturas e servizos de apoio técnico do Centro.

## ESPAZOS SUSCEPTIBLES DE CESIÓN

Este tipo de espazos teñen períodos de cesión que van desde horas ou días ata un máximo de 3 anos prorrogables (a duración máxima é variable en función do espazo e do uso que se lle vai dar).

A solicitude deste tipo de espazos realizarase a través da aplicación e/ou formularios dispoñibles na páxina web do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo e o criterio para a súa concesión dependerá da utilización prevista para o espazo e da duración da cesión solicitada. A ECIMAT fará pública a través da web do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo a concesión de espazos no Centro.

### **Espazos solicitados por períodos de tempo inferiores a 6 meses**

A solicitude de utilización espazos por períodos de tempo inferiores a 6 meses realizarase a través da aplicación e/ou formularios dispoñible na páxina web <http://ecimat.uvigo.es>, estará suxeita a períodos máximos de utilización variables en función do espazo e sempre que non haxa impedimentos de tipo técnico ou organizativo o criterio para a súa concesión será cronolóxico. A dirección da ECIMAT será a encargada da eventual aprobación das solicitudes de utilización espazos por períodos de tempo inferiores a 6 meses. Unha vez aceptada unha solicitude, a utilización poderá realizarse exclusivamente baixo o control e supervisión do

persoal Técnico da ECIMAT. Realizarase unha monitorización da utilización dos espazos para comprobar que se axusta ao especificado nas solicitudes. En caso de que o traballo levado a cabo non se adapte ao funcionamento e/ou obxectivos do Centro ou se o grao de utilización dos espazos é inferior ao especificado na solicitude, revocarase a concesión dos mesmos, e pasarán a estar dispoñibles para a súa utilización por outros usuarios.

Só se poderán encadear varias solicitudes de espazos por períodos inferiores a 6 meses se o espazo se atopa dispoñible polo período requirido á finalización da cesión do espazo que se atope en vigor, ou cando por circunstancias organizativas ou técnicas a Dirección da ECIMAT así o autorice. A Dirección da ECIMAT informará ao persoal investigador usuario, da estrutura, do funcionamento e do regulamento da Estación, especificando o persoal responsable de cada área. Así mesmo, informarase aos usuarios e usuarias que empreguen organismos mariños vivos da lexislación existente respecto á manipulación e transporte dos mesmos, e será necesario o compromiso escrito de cumprir dita lexislación. Para elo os responsables de cada un dos grupos usuarios deberán informar na solicitude de espazos do persoal do seu grupo que debe ser incluído nas listaxes de correo para recibir as comunicacións emitidas pola ECIMAT.

### **Espazos solicitados por períodos de tempo superiores a 6 meses**

Para optimizar o uso dos espazos e dotar ao persoal investigador da máxima flexibilidade, o uso de espazos por períodos superiores a 6 meses poderá ser solicitado en calquera momento, deberá vir motivado por unha necesidade concreta do grupo de investigación (proxecto, experimento, etc) e, considerando a necesidade de bo uso e mantenza de instalacións a pe de mar, terá como requisito o nomeamento dunha persoa responsable das instalacións que actuará como interlocutora ou interlocutor inmediato co persoal técnico da Estación e que preferentemente levará a cabo a maior parte da súa xornada laboral nas dependencias da ECIMAT na Illa de Toralla.

Unha vez recibida a solicitude, a dirección da ECIMAT porase en comunicación con o grupo solicitante para dimensionar o mellor posible as necesidades espaciais, temporais e técnicas e recabar os datos para emitir o correspondente informe tentando en todo momento satisfacer as necesidades do persoal investigador solicitante. A concesión definitiva do espazo será aprobada pola Comisión de Investigación a proposta do/a Comisionado/a do Campus de Especialización Mariña da Universidade de Vigo tendo en conta o informe emitido pola Dirección da ECIMAT.

Considerando as limitacións de espazo na ECIMAT, na avaliación das solicitudes terase en conta a pertenza ao Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo, o desprazamento de persoal para traballar nas instalacións en Toralla, os méritos dos grupos solicitantes e o histórico de utilización previo. Así mesmo a Dirección da ECIMAT resérvase a posibilidade de recomendar a concesión compartida dun laboratorio a dous ou máis grupos peticionarios en función da dispoñibilidade de espazos e da compatibilidade de usos dos

mesmos. A concesión de espazos na ECIMAT adaptarase ás actividades de investigación realizadas, para o cal as/os solicitantes deberán incluír na solicitude un cronograma de actividades. De cara a optimizar o uso dos espazos, realizarase unha revisión trimestral da utilización dos mesmos para comprobar que se axusta ao especificado nas solicitudes. En caso de que o traballo levado a cabo non se adapte ao funcionamento e obxectivos do Centro ou se o grao de utilización dos espazos é inferior ao especificado na solicitude, revocarase a concesión dos mesmos, e pasarán a estar dispoñibles para a súa utilización por outras ou outros usuarios.

### **Criterios de concesión de espazos por períodos superiores a 6 meses.**

Requisitos mínimos:

-Pertencer á Universidade de Vigo ou a unha institución que leve a cabo Investigación relacionada co medio mariño e que conte cun convenio específico de colaboración entre a Institución usuaria e a Universidade de Vigo, ou cun contrato específico de I+D con o Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo ou con un dos grupos de investigación usuarios das infraestruturas da ECIMAT.

- Que o uso de instalacións a pé de mar posibilite ou alomenos supoña un claro valor engadido para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o espazo.

A dirección da ECIMAT procurará acomodar a totalidade das solicitudes recibidas tendo en conta as necesidades expostas polos grupos peticionarios ata uns máximos por grupo que se calcularán ponderando o espazo dispoñible conforme aos seguintes indicadores para o período 2013-presente:

<b>Indicador</b>	<b>Puntos</b>
Pertenza ao CSIM-ECIMAT	50
Número de actividades contratadas de I+D	7
Importe por contratos de I+D *	10
Número de proxectos ERC captados	100
Número de proxectos H2020 liderados	40
Número de proxectos H2020 participados	20
Número de outros proxectos Internacionais liderados	30
Número de outros proxectos internacionais participados	15
Número proxectos nacionais	12
Número proxectos autonómicos	10
Importe de proxectos*	1
Índice H mariño do grupo	1

Horas semanais de persoal do grupo na ECIMAT durante a duración da concesión	2
--	---

\*Puntos por cada 50.000 €

Os indicadores anteriores refírense ás actividades de I+D do grupo solicitante no ámbito mariño (proxectos de investigación mariña, contratos de investigación mariña, e índice de impacto das publicacións do grupo de temática mariña)

A concesión de espazos leva aparellado:

- o uso en exclusiva do espazo asignado por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude.
- o uso en exclusiva dos postos de traballo administrativos que se asignen ao grupo mencionado na solicitude.
- o dereito de acceso ás áreas comúns da ECIMAT por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude.
- o dereito de uso dos espazos e equipamentos comúns da ECIMAT por parte do persoal do grupo mencionado na solicitude, nos termos e condicións estipulados polo persoal técnico do centro responsable de dito equipamento.
- a obriga de respectar en todo momento as normas establecidas no regulamento da ECIMAT, especialmente no referente a utilización de animais de experimentación e de utilización de substancias tóxicas ou que supoñan un risco para os traballadores ou o medio ambiente. O incumprimento desta obriga pode supor a revogación da concesión.

A concesión de espazos de uso común na ECIMAT a investigadoras/es de Institucións alleas á Universidade de Vigo levará implícita a obriga de establecer un convenio específico de colaboración entre a Institución usuaria e a Universidade de Vigo, ou da sinatura dun contrato específico de I+D co Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo ou cun dos grupos de investigación usuarios da ECIMAT.

## **EQUIPAMENTO DE USO COMÚN**

A solicitude de utilización de equipamento de uso común realizarase a través da aplicación dispoñible na páxina web <http://ecimat.uvigo.es>, estará suxeita a períodos máximos de utilización variables en función do equipamento e, sempre que non haxa impedimentos de tipo técnico ou organizativo, o criterio para a súa concesión será cronolóxico. Unha vez aceptada unha solicitude, a utilización poderá realizarse exclusivamente baixo o control e supervisión do persoal técnico da ECIMAT responsable de cada equipo.

A utilización de equipamentos de uso común na ECIMAT leva aparelladas unhas tarifas aprobadas polo consello de goberno da Universidade de Vigo e que se poden consultar na páxina web <http://ecimat.uvigo.es>

## **ANEXO I**

### **ESPAZOS DE USO COMÚN NA ECIMAT E NORMAS DE UTILIZACIÓN**

Os espazos de uso común na ECIMAT están catalogados en tres categorías: espazos susceptibles de cesión, espazos compartidos e zonas de acceso restrinxido accesibles só ao persoal técnico da ECIMAT.

#### **Espazos susceptibles de cesión (código azul)**

Os espazos susceptibles de cesión son tipicamente laboratorios a pé de mar con subministro continuo de auga mariña ou infraestruturas de apoio dispoñibles para ser cedidos total ou parcialmente para seren xestionados polos investigadores solicitantes por períodos variables de tempo para que leven a cabo os seus traballos de investigación. Eventualmente estes espazos poden ser utilizados polo propio persoal técnico da ECIMAT para a prestación de servizos.

Inclúense:

Baixo a responsabilidade da Dirección da ECIMAT

- 1) Módulos 1 e 4: Laboratorios secos de 64 m<sup>2</sup> amoblados.
- 2) Módulos 2 e 3: Laboratorios húmidos de 64 m<sup>2</sup> equipados para o traballo con organismos mariños.
- 3) Módulo 5: Laboratorio de 64 m<sup>2</sup> con zona húmida e seca amoblado.
- 4) Almacéns 1 e 4: Almacéns de material de investigación de 10 m<sup>2</sup> cada un
- 5) Sala de Actos: Espazo de 67 m<sup>2</sup> para conferencias e reunións con aforo para 50 persoas.
- 6) Thinking corner: Sala para reunións con aforo para 6-8 persoas

Baixo a Responsabilidade da Unidade de Calidade Ambiental

- 7) Baixomódulo 3 Mar: Laboratorio diáfano de 30 m<sup>2</sup> para traballo con organismos infecciosos ou que supoñan un risco biolóxico para o medio.
- 8) Baixomódulo 3 Terra Este: Laboratorio diáfano de 15 m<sup>2</sup> para traballo con organismos infecciosos ou que supoñan un risco biolóxico para o medio.
- 9) Laboratorio de Microbioloxía: Laboratorio equipado para traballo con organismos infecciosos.

## Baixo a Responsabilidade da Unidade de Recursos Biolóxicos e Cultivos Mariños

- 10) Isotérmicas 1,2,3 e 5: Laboratorios diáfanos de entre 4,5 e 9 m<sup>2</sup> con control de fotoperiodo e temperatura
- 11) Baixomódulo 4 Oeste: Laboratorio con unha zona amoblada de 10 m<sup>2</sup> e unha zona de traballo diáfana de 20 m<sup>2</sup>.

## Baixo a Responsabilidade da Unidade de Oceanografía

- 12) Baixomódulo 5 Oeste: Laboratorio amoblado de 30 m<sup>2</sup>.
- 13) Mesocosmos Terra: Espazo exterior con tanques para experiencias a media escala ou mesocosmos.
- 14) Mesocosmos Mar: Plataforma flotante para experiencias oceanográficas a media escala ou Mesocosmos.

## Espazos comúns (código verde):

Os espazos comúns son espazos utilizados polo persoal investigador, pero xestionados en todo momento polo persoal Técnico da ECIMAT. Trátase tipicamente de laboratorios que albergan equipamento de uso común, infraestruturas de apoio á investigación ou espazos auxiliares de uso por todos os usuarios do centro como pode ser a cantina. Algúns destes espazos son habitualmente utilizados polo propio persoal Técnico da ECIMAT para a prestación de servizos. Inclúense:

## Baixo a responsabilidade da Dirección da ECIMAT

- 15) Cantina: Espazo común de 15 m<sup>2</sup> para comidas e descansos.
- 16) Coworking persoal investigador: Espazo amoblado con 12 postos de traballo administrativos para persoal investigador. Ata 8 postos desa sala poderán ser asignados de xeito permanente a persoal investigador, o resto de postos funcionarán na modalidade de “hot-seat” estando disponibles para seren utilizados polo persoal que os precise sen necesidade de reserva e debendo quedar libres ao finalizar a xornada de traballo.

## Baixo a responsabilidade da Unidade de Medio Mariño

- 17) Pantalán: Infraestrutura para o amarre de embarcacións e de outras estruturas flotantes ou submerxidas. Espazo común non reservable.
- 18) Pañol de Mergullo: Infraestrutura de 30 m<sup>2</sup> de apoio a actividades de medio mariño. Espazo común non reservable.

## Baixo a Responsabilidade da Unidade de Recursos Biolóxicos e Cultivos Mariños



- 19) Cámara 4°C
- 20) Cámara -18°C
- 21) Laboratorio húmido: Laboratorio amoblado que alberga equipamentos de uso común e zonas de traballo.

#### Baixo a Responsabilidade da Unidade de Calidade Ambiental

- 22) Criosala: Espazo equipado con equipos de almacenamento a baixas temperaturas para o liofilizado e conservación de mostras.
- 23) Laboratorio Seco: Laboratorio amoblado que alberga equipamentos de uso común para análise, microscopía e procesado de mostras.
- 24) Laboratorio de Bioloxía Molecular: Laboratorio de 12 m<sup>2</sup> con equipamento básico de bioloxía molecular.

#### Espazos de acceso restrinxido (código laranxa)

Os espazos de uso exclusivo por persoal Técnico-Administrativo do CENTRO DE INVESTIGACIÓN MARIÑA DA UNIVERSIDADE DE VIGO son aqueles destinados ao desenvolvemento de traballos técnicos e/ou administrativos necesarios para o correcto funcionamento das infraestruturas e servizos de apoio técnico da ECIMAT. Inclúense:

#### Baixo a responsabilidade da Dirección da ECIMAT

- 25) Despacho 1: Zona administrativa para o persoal técnico da ECIMAT.
- 26) Despacho 2: Zona administrativa para o persoal técnico da ECIMAT.
- 27) Taller: Espazo para almacenamento de material e traballos de mantenza.
- 28) Coworking Técnico: Espazo amoblado con 10 postos de traballo administrativos para persoal técnico/administrativo do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo.
- 29) Sala de reunións: Sala de reunións para 6-8 persoas

#### Baixo a responsabilidade da Unidade de Medio Mariño

- 30) Crustáceos: Laboratorio de 15 m<sup>2</sup> para o traballo con crustáceos.
- 31) Almacén 5: Almacén de material da Unidade de Medio Mariño.

#### Baixo a Responsabilidade da Unidade de Recursos Biolóxicos e Cultivos Mariños

- 32) Moluscos: Laboratorio de 10 m<sup>2</sup> para o cultivo de moluscos.
- 33) Algas 1 & 2: Laboratorios dun total de 15 m<sup>2</sup> para o cultivo de microalgas.
- 34) Zooplancton: Laboratorio de 9 m<sup>2</sup> para o cultivo de especies zooplantónicas.
- 35) Laboratorio de Peixes: Laboratorio de 15 m<sup>2</sup> para o cultivo de peixes.

- 36) Isotérmica 4: Laboratorio diáfano de 5 m<sup>2</sup> con control de fotoperiodo e temperatura
- 37) Almacén 2: Almacén de material das Unidades de Cultivos Mariños e Calidade Ambiental.
- 38) Corentena: Laboratorio de 15 m<sup>2</sup>.
- 39) Sala de Bombas: Zona Técnica onde se ubican os equipos de bombeo do centro.



Fig.1 Tipos de espazos

A utilización de espazos cedidos na ECIMAT leva aparellada a obriga de nomear unha persoa responsable das instalacións que actuará como interlocutora inmediata co persoal Técnico do Centro, e que preferentemente levará a cabo a maior parte da súa xornada laboral nas dependencias da ECIMAT na Illa de Toralla e/ou estará facilmente localizable a través dun teléfono móbil para asegurar o bo funcionamento da infraestrutura e equipamentos durante todas as tarefas xerais de mantenza, limpeza, benestar animal etc. que poidan afectar ao espazo cedido.

O traballo con organismos infecciosos só poderá levarse a cabo nos laboratorios habilitados a tal efecto no baixomódulo 3. Así mesmo, o traballo con calquera organismo que poda supor un perigo biolóxico para o medio deberá levarse a cabo obrigatoriamente nalgún laboratorio do módulo 3, e deberá contar coa

autorización previa da dirección da ECIMAT que indicará onde, cando e en que condicións se debe levar a cabo o traballo.

## **ANEXO II**

### **SOLICITUDE E UTILIZACIÓN DE SERVICIOS NA ECIMAT**

1. Os servizos ofrecidos pola ECIMAT poderán ser consultados na web <http://ecimat.uvigo.es>, e solicitados mediante a aplicación informática e/ou os formularios dispoñibles na mesma.

2. As solicitudes irán dirixidas ao persoal técnico responsable de cada un dos servizos, quen comunicará a cada solicitante a dispoñibilidade do servizo solicitado e, enviará a quen sexa solicitante o orzamento correspondente de dito servizo para a súa conformidade.

3. Tódalas solicitudes externas deben ser autorizadas pola persoa responsable da entidade solicitante. Tódalas solicitudes internas deben identificar e ser autorizadas por quen sexa responsable da partida orzamentaria coa que se vai aboar o custe do servizo.

4. O persoal administrativo do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo levará un rexistro das solicitudes, no que se rexistrarán as mesmas por estrita orde cronolóxica.

5. As solicitudes de espazos e/ou equipamento científico deben adaptarse á dispoñibilidade dos mesmos, a cal poderá consultarse a través do sitio web do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo.

6. O persoal investigador usuario do equipamento de uso común da ECIMAT, ten a obriga de seguir puntualmente as instrucións do persoal técnico da ECIMAT responsable de dito equipamento e, no seu caso, asinar no caderno de rexistro dos equipos utilizados. A responsabilidade dos perxuizos derivados do uso negligente dos equipos por parte das persoas usuarias dos servizos recaerá sobre ditas persoas.

7. O cobro das tarifas que correspondan será tramitado polo persoal administrativo do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo de acordo coas normas de xestión económica aprobadas pola Xerencia da Universidade.

8. O persoal investigador do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo e o persoal investigador externo que realicen parte da súa actividade na ECIMAT deberán acollerse ao establecido na guía de comunicación científica do Centro de Investigación Mariña da Universidade de Vigo.